

## INFORME DE ADEGA:



## INFORME SOBRE O ESTADO DA CANCEIRA DO CARBALLIÑO

Xuño 2008

**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**  
*Travesa de Basquiños 9 Baixo. 15704 Santiago de Compostela*  
Tlf 981 570099 [www.adega.info](http://www.adega.info) [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)



**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**  
*Travesa de Basquiños 9 Baixo, 15704 Santiago de Compostela*  
Correo electrónico: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)  
Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)  
Tfno/Fax: 981.570099

## INFORME SOBRE A CANCEIRA DO CARBALLIÑO



Na canceira do Carballiño levouse a cabo, o pasado ano, unha inversión de 250.000 euros (Acordos Consello da Xunta de 16/11/2006).

O primeiro que destaca nesta instalación, no que respecta ó modelo constructivo, é o feito de que se optou por edificar diversos módulos, repartidos arbitrariamente en toda a superficie da finca que contén a canceira, co conseguinte desperdicio de espazo, aumento de custes, falta de previsión de ampliación e pouca funcionalidade.

Así distribuídas, as edificacións non solo aumentan enormemente os custes de construción e instalación de servizos de luz, auga e residuos, senón que tamén ocasionan grandes desprazamentos dos traballadores ao aire libre e dificultan a súa labor aumentando enormemente o traballo.

Nos proxectos mais eficaces, óptase por construír un módulo de servizos que contén a recepción e máis a administración, baño, sala de curas e almacén. Estas instalacións, ou a lo menos algunha delas, deben ter acceso directo dende o exterior.

Este módulo únese, mediante unha porta, con un corredor recto e do longo necesario, aos lados atópanse as cancelas propiamente ditas. Todas as cancelas teñen acceso desde o corredor e tamén desde o exterior e poden ser de diferentes anchos e tipo.

Este modelo constructivo, proposto pola maioría dos autores, non so diminúe os custes de construción e facilita a instalación de servizos de auga, luz e residuos, senón que tamén permite un mellor rendemento e comodidade dos traballadores que case non teñen que saír ao aire libre e estar sometidos as inclemencias do tempo.

Tamén facilita calquera ampliación, mediante a prolongación por medio de módulos pares, a ámbolos lados do corredor, así como do tellado e demais instalacións de auga e de luz.

O devandito corredor debe ir cuberto, a unha altura razoable, con un tellado illante que tamén debe abranguer o primeiro tercio das gaiolas dos cans. Nese primeiro tercio das gaiolas, que coincide coa parte cuberta e que está máis próxima ao corredor, atópanse as camas e refuxios cubertos dos animais.

Toda a instalación debe ir rodeada de un vial, debidamente preparado, para que circule calquera tipo de vehículo de servizo.

## **CARENCIAS DAS INSTALACIÓNS**

Na cancela do Carballiño non se fixo un tratamento previo do terreo para deixalo plano, de maneira que os módulos do lado esquerdo, están nun terreo que se sitúa a mais de un metro de altura en relación con os do lado dereito, o que dificulta aínda mais a funcionalidade e a construción de calquera vía de conexión para vehículos.

Respecto da funcionalidade, economía e previsión de ampliación, o proxecto desta cancela ten relevantes carencias.

Non entramos no capítulo da orientación, que permita a entrada de sol nos módulos, porque cada un ten unha orientación diferente.

O seguinte detalle básico e fundamental en calquera instalación deste tipo é a hixiene.

Lamentablemente esta é a principal carencia no caso desta canceira. Observamos que carece de subministro de auga corrente, tanto para que os animais beban auga fresca como para poder limpar as gaiolas.

Todas e cada unha das gaiolas deberían estar provistas de un grifo, con adaptador para manguera, que debe levar debaixo unha pía para que os cans beban, así como un dispensador de auga que permita que os animais accedan á auga limpa e fresca.

O subministro eléctrico tampouco existe nesta canceira. Tal carencia ocasiona a imposibilidade de traballar e atender ós animais despois do ocaso, que no inverno acontece ás 18:00hs. Como tampouco se pode utilizar calquera ferramenta que precise ser alimentada por corrente.

Tampouco existe posibilidade de instalar sistema de quecemento, tanto para os animais como para os traballadores, facelo agora sería moi ineficaz debido á separación dos módulos, ou de calquera necesidade que dependa deste servizo básico, como iluminación, oficina, clínica ou mesmo presión de auga.

Neste punto resulta sorprendente que, á vista de que toda a obra debeu precisar da utilización de un xerador para a maquinaria e sen embargo non se ten previsto ata o día de hoxe, a adquisición un aparello deste tipo para ter subministro de corrente eléctrica. Aparello, que na súa versión superior (10.000W) non pasa de 1.500 euros e que, ademais, será de moita utilidade para calquera imprevisto no futuro.

A instalación de auga e luz son necesidades urxentes a ser corrixidas. Observamos tamén que os desaugues van soterrados o que aumenta as probabilidades de atascos e a falta de control dos residuos que proveñen da limpeza. De feito existen varias arquetas dos desaugues completamente cheas de excrementos antigos, un indicio claro de que están atascadas.

Normalmente estes desaugues deben ir pola superficie, mediante un canal de dimensións apropiadas, que impida os atascos e facilite o seu control.

Nunha instalación ben proxectada, todas as gaiolas deberían estar conectadas a este canal, que correría o longo de toda a fila de gaiolas, polo exterior, e xunto con o canal do outro lado, debe desaugar no pozo de decantación e saneamento.

Para agravar a situación, as augas pluviais rematan nos desaugues, o que significa que non son aproveitadas ao mesmo tempo que colapsan este servizo.

O material de construción é o axeitado, mediante bloques de cemento, piso tamén de cemento e cuberta de tella e aislante. O único que cabería mellorar sería a unión das paredes co piso que, os diferentes proxectos consultados, aconsellan facer mediante unha xunta semicircular, evitando a esquina entre piso e parede que facilita a acumulación de xermes.

Tamén debemos destacar que, ademais do problema da auga e da luz, tamén faltan as instalacións necesarias para almacén, baños, clínica, administración, etc.

Actualmente, as gaiolas presentan un lamentable estado de hixiene debido á imposibilidade de limpalas adecuadamente, acumulándose os excrementos no piso das mesmas, sobre os que se tiran os alimentos para os animais e sobre os que tamén deben durmir. Este estado de cousas está a facilitar que poidan xurdir doenzas e contaxios, así como acumulación de bacterias e a posibilidade de que unha infección non poida ser atallada porque estes xermes introdúcense no cemento do piso xunto con o mexo dos animais. Sería fundamental poñer comedeiros.



Hai unha evidente diferenza na acumulación de excrementos e na limpeza entre as partes exteriores das gaiolas e as partes cubertas. No exterior, e debido a que alí chove, aínda que a hixiene é moi deficiente, pódese ver o cemento do piso, pero no interior, os excrementos, a comida e o pelo dos animais formaron unha capa de suciedade, de considerable grosor, que so poderá ser removida con auga a bastante presión. Solución que, como se dixo, non existe, sendo pois, esta parte das gaiolas a que está en peores condicións.

Como alí se refuxian e durmen os animais, constitúe un problema de urxente necesidade de solución.

Neste apartado é imprescindible a adquisición dun aparato de lavado a presión o que non representa unha inversión superior ós 1.000 euros.

Como apuntamento relativo á administración, dicir que atopamos varios precedentes nos que as canceiras municipais son administradas por un grupo ecoloxista. Neses casos, os grupos que a administran, están compostos de unha significativa cantidade de socios que colaboran na limpeza da instalación, baño dos animais, levar os cans a paseo e, o que é máis importante, procurando quen adopte os animais recollidos, de maneira que se tenda a reducir o seu número. Actualmente hai unha traballadora sola atendendo todo.

Se un grupo non público leva a administración, e non conta con persoas dispostas a facer tais servicios voluntarios, é evidente que será moi difícil atopar persoas que axuden de maneira desinteresada. O traballo voluntario pódese atopar para institucións públicas, porque ás persoas non lles gusta facer tarefas gratis sen saber si se está a atender os intereses dos animais ou de terceiros. Nese senso, e no caso de que o grupo que administra non conte con persoas suficientes, o mellor é que a instalación sexa municipal. Será mais doado atopar voluntarios.


Resumindo, é urxente resolver o problema da hixiene, así como facilitar o traballo das persoas que atenden a canceira. Actualmente están desbordadas porque as deficiencias de proxecto e a falta de medios dificultan o seu traballo e o mantemento das condicións mínimas de hixiene. As solucións básicas, como dixemos, son fáciles e económicas.

Carballiño 4 de xuño de 2008

**A continuación incluímos unha serie de documentos gráficos para mellor comprensión do que se manifesta neste informe.**

Consulte as imaxes das páxinas que seguen:

Estes son os planos de unha canceira modelo con ampliacións:



Esta imaxe mostra unha xaula modelo:

